

ENCONTROS MONOGRÁFICOS
CO PATRIMONIO CULTURAL
ARQUEOLOXÍA NA CIDADE.
DÚAS INTERVENCIÓNS NOS
XACEMENTOS ROMANOS DE
LUGO E VIGO

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
27 DE XUÑO DE 2016



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Estes tempos, en que as intervencións arqueolóxicas nos conxuntos urbanos son cada vez menos e menos urxentes ao socairo da crise económica, son un bo momento para reflexionar sobre estas intervencións que teñen a súa orixe nunha obra que se pretende desenvolver nun xacemento arqueolóxico urbano e que teñen a finalidade de documentalo e/ou conservalo e protexelo.

Na complexidade, científica e técnica, propia destas intervencións suman a función de liberación do obstáculo arqueolóxico que dificulta ou impide a obra que se lles atribúe, a xestión, control e supervisión polas administracións municipal e autonómica dunha actividade financiada polos promotores e executada polas empresas de arqueoloxía, que se debe compatibilizar coa compoñente de investigación, propia de calquera escavación arqueolóxica.

Como proxecto de investigación, o ámbito predeterminado, a dispersión de investigadores, os condicionantes temporais e económicos, a xestión do coñecemento, memorias, materiais... son, entre outros, aspectos que os diferencian.

A exposición de dous casos coincidentes no tempo e problemática, con resultados diferentes, danos pé a esa reflexión arredor da calidade das intervencións, da efectividade e eficacia da xestión patrimonial neste ámbito, da relación co coñecemento científico e outros.

16:45 horas

Presentación

17:00 horas

Unha pequena historia da xestión da arqueoloxía urbana en Galicia

Xulio Carballo Arceo, arqueólogo, Delegación de Pontevedra, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

17:30 horas

Factoría de salga na rúa Marques de Valladares no xacemento romano Pontevedra-Areal (Vigo)

Xulio Carballo Arceo, arqueólogo, Delegación de Pontevedra, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Adolfo Fernández Fernández, arqueólogo, Universidade de Vigo

Juan Carlos Castro, arqueólogo, empresa Anta de Moura, que realizou a intervención

18:30 horas

Templo romano no Círculo das Artes. Ventá arqueolóxica Cidade de Lugo

Gonzalo Meijide Cameselle, arqueólogo, Delegación de Lugo, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Enrique González Fernández, arqueólogo, Concello de Lugo

Roberto Bartolomé Abreira, arqueólogo, director da intervención

19:30 horas

Debate

ORGANIZA:

CONSELLO DA CULTURA GALEGA. SECCIÓN DE PATRIMONIO E BENS CULTURAI

COORDINACIÓN:

Teresa Nieto

LUGAR DE REALIZACIÓN:

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205

difusion@consellodacultura.gal

www.consellodacultura.gal

INSCRICIÓN:

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN:

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205